



## REDE DE ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS:

### 1.- ESCOLAS INFANTÍS DE XESTIÓN MUNICIPAL

NOME DO CENTRO	ENDEREZO	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO/FAX
CONXO "Escola de Min"	PRAZA AURELIO AGUIRRE, 1- CONXO. 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA	eimconxo@santiagodecompostela.org mestra.conxo@terra.es	981 523 435 (Tfno) 981 528702 (Tfno/Fax)
AS FONTIÑAS "O coelliño branco"	RÚA FONTES DO SAR nº 1, 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA	mestra.fontinas@live.com	981528703 (Tfno/Fax)
MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS	RÚA LAVADOIRO, S/N. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA	eimdemeixonfrio@terra.es	981 528707 (Tfno/Fax)

### 2.- ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS CO-XESTIONADAS CO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR

NOME DO CENTRO	ENDEREZO	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO/FAX
SAN ROQUE	RÚA DAS RODAS, Nº 30. 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA	escolainfantil.compostela.sanroque@igualdadebenestar.org	981528704 (Tfno/Fax)
TAMBRE	R/ DAS MULAS, S/N. POLÍGONO DO TAMBRE. 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA	escolainfantil.compostela.tambre@igualdadebenestar.org	981528705 (Tfno/Fax)
TRAS PARLAMENTO	PRAZA DA CONSTITUCIÓN, S/N. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA	escolainfantil.compostela.parlamento@igualdadebenestar.org	981 528706 Tfno/Fax)

<b>ESCOLA INFANTIL PARA A QUE SOLICITA PRAZA</b>		<b>SERVIZOS SOLICITADOS</b>	
indicar preferencia 1º-2º-3º, no caso de solicitar varias:		Media xornada (de 3 a 4 horas)	
 Escola Infantil Municipal de CONXO		Xornada completa (mais de 4 horas)	
 Escola Infantil Municipal das FONTIÑAS		Almorzo	
Escola Infantil Municipal de MEIXONFRIO-SALGUEIRIÑOS		Xantar	
<b>TIPO DE SOLICITUDE</b> <input type="checkbox"/> Novo ingreso <input type="checkbox"/> Reserva praza		Merenda	

**DATOS DO NENO/A:**

Apelidos e nome		Data de nacemento	
Enderezo	Número	Piso	
Código postal	Localidade		
Teléfono 1	Teléfono 2	Correo electrónico	

**DATOS DOS PAIS OU TITORES:**

Apelidos e nome do pai ou titor	DNI
Profesion	Nº Seguridade Social
Lugar de traballo	Teléfono
Apelidos e nome da nai ou titora	DNI
Profesion	Nº Seguridade Social
Lugar de traballo	Teléfono

**OUTROS DATOS DA UNIDADE FAMILIAR:**

Apelidos e nome de TODOS os membros da unidade familiar (incluídos todos os MENORES ou adultos con MINUSVALIAS a cargo desta (isto implica que se inclúen na súa renda).	Data nacemento	Parentesco	Situación laboral	Ingresos mensuais
		PAI		
		NAI		
<b>Número de membros da unidade familiar</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>			

**CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES**

<input type="checkbox"/> Fillo/a persoal do centro	<input type="checkbox"/> Irmá/n con praza renovada
<input type="checkbox"/> Familia numerosa	<input type="checkbox"/> Irmá/n con praza de novo ingreso
<input type="checkbox"/> Familia monoparental	

Solicita o traslado  SI  NO  
da Escola Infantil Municipal de.....á Escola Infantil Municipal de .....

Candidata/o ao CHEQUE INFANTIL (só no caso de novo ingreso)  SI  NO

Sinatura do/a solicitante:

Asdo. D/Dª \_\_\_\_\_

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Consente o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago de Compostela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas de procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

## (A CUBRIR SÓ EN CASO DE NOVO INGRESO)

### SITUACIÓN SOCIO- FAMILIAR

	Puntos
Número de membros da unidade familiar, incluído o/a neno/a para o que se solicita a praza	
Número persoas que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo desta (aparecen na renda dalgún dos pais/nais)	
O/a neno/a para o/a que se solicita praza naceu de parto múltiple	
Número de membros afectados por minusvalía física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	
Condición de familia monoparental (demostrable)	
Ausencia do fogar de ambos os dous proxenitores	
Condición de familia numerosa	
Calquera outra circunstancia familiar grave	

Tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogo-dependencia (1.4)	Nai	Pai	Outros
Minusvalía física, psíquica ou sensorial			
Enfermidade grave			
Alcoholismo			
Drogo-dependencia			
Outros (especificar)			

### SITUACIÓN LABORAL-FAMILIAR:

SITUACIÓN LABORAL DE OCUPACIÓN DE AMBOS OS DOUS MEMBROS PARENTAIS		
<i>Situación laboral de ocupación</i>	SI/NON	Puntos
Situación laboral de ocupación da nai		
Situación laboral de ocupación do pai		
<i>Situación laboral de desemprego</i>	SI/NON	Puntos
Situación laboral de desemprego da nai		
Situación laboral de desemprego do pai		

### OBSERVACIÓNS

.....

.....

.....

.....

**Sinatura do/a solicitante:**

**Asdo. D/D<sup>a</sup>** \_\_\_\_\_

**Santiago de Compostela,** \_\_\_\_\_ **de** \_\_\_\_\_ **de** \_\_\_\_\_

**O solicitante asume baixo a súa responsabilidade a veracidade de todos os datos que sinala e dos documentos que se achegan.**

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago de Compostela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas de procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR CONXUNTAMENTE CON ESTA SOLICITUDE:**

**Os representantes legais do neno/a presentarán, acompañando a solicitude de novo ingreso, os seguintes documentos:**

Certificado de empadramento ou de convivencia da unidade familiar coa que conviva o/a menor (é condición imprescindible estar empadrado no Concello de Santiago para optar a praza (este documento será solicitado polo Departamento de Educación directamente no Padrón Municipal polo que non é preciso que os solicitantes o entreguen).

Fotocopia do Libro de Familia completo da unidade familiar. Fotocopia do Título de familia numerosa (se é o caso)

Familia monoparental. Esta situación acreditarase coa copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais

Fotocopia do documento que acredite a identidade do pai, nai ou titor/a.

**Fotocopia de documentación que acredite os ingresos da unidade familiar, que consistiran en:**

As últimas dúas nóminas de cada un dos membros da unidade familiar en situación laboral de ocupación. No caso de traballadores/as autónomos/as aportarase o último ingreso trimestral presentado

Os membros da unidade familiar en situación laboral de desemprego, presentarán certificado do INEM, ou do organismo correspondente que acredite a percepción ou non de prestación por desemprego

Os membros da unidade familiar en situación laboral de desemprego, en caso de non percibir prestación por desemprego, presentaran un certificado de vida laboral.

**Datos tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) relativos á renda da unidade familiar**

Fotocopia da última declaración do IRPF dos membros da unidade familiar obrigados a declarar. En caso de declaracións individuais, presentaranse a declaración de cada membro da unidade familiar obrigados a declarar.

Os solicitantes de devolución rápida, presentarán a comunicación que lles remita a AEAT.

As persoas non obrigadas a declarar e que non solicitaran devolución rápida, presentarán a certificación dos datos existentes na AEAT

No caso de nulidade matrimonial, separación ou divorcio consideraranse a renda de quen exerza a garda e custodia do menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente. No caso de que non as percibiren acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.

**Documentación acreditativa de situacións como: separación de feito de cónxuxe, abandono do fogar, certificación de convivencia e xustificante de calquera outra circunstancia socio-familiar alegada.**

**Resolución Xudicial de que a tutela do neno/a está atribuída a unha soa persoa**

**Certificado expedido polo organismo competente sobre o grao de minusvalía e certificado médico de enfermidade ou deficiencias alegadas polos membros da unidade familiar.**

**Informe do organismo competente sobre a necesidade de integración, no caso de nenos ou nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.**

**Calquera outra documentación xustificante que se considere de interese a efectos de valoración.**

**Informe dos Servizos Sociais nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.**

**O CONCELLO DE SANTIAGO PODERÁ SOLICITAR ÁS PERSOAS QUE RESULTEN ADXUDICATARIAS DA PRAZA, A APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ORIXINAL PARA O SEU COTEXO.**

A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN

INCIDENCIA	DATA

RESULTADO DA BAREMACIÓN	PUNTUACIÓN
SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
SITUACIÓN LABORAL-FAMILIAR	
INGRESOS FAMILIARES	
MENSUAIS	
ANUAIS	
PUNTUACIÓN TOTAL	

COMISIÓN DE BAREMACIÓN	DATA:
AULA / GRUPO DE IDADE	
ADMITIDO/A	Nº
LISTA DE ESPERA	Nº
EXCLUIDO/A	

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago de Compostela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas de procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

## 1.- CALES SON?

### **Escola infantil municipal de CONXO**

Praza Aurelio Aguirre nº 1. Tfno: 981528702. Horario: de 7:30 a 20:30 horas.

### **Escola infantil municipal das FONTIÑAS**

Rúa de Londres 12-14. Tfno: 981528703. Horario: de 7:30 a 20:30 horas.

### **Escola infantil municipal de MEIXONFRIO- SALGUEIRIÑOS**

Rúa do Lavadoiro s/n. Tfno: 981528707. Horario: de 7:30 a 20:30 horas.

## 2.- REQUISITOS IMPRESCINDIBLES PARA ACCEDER ÁS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

- Que o neno/a estea empadroado no Concello de Santiago.
- Que teña unha idade mínima de tres meses o 1 de xaneiro de 2014 e que non teña cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do 2013 (agás nenos/as con necesidades específicas debidamente xustificadas).

## 3.- PRAZOS

- **Do 1 ao 11 de marzo.** Reserva de praza para os xa matriculados, solicitude traslado e fillos/as dos traballadores/as da escola.
- **Do 14 de marzo.** Listaxe de admitidos, traslados e prazas libres en cada nivel.
- **Do 15 de marzo ao 16 de abril.** Prazo para presentar as solicitudes de NOVO INGRESO.
- **Do 2 ao 10 de maio.** Publicación da listaxe provisional de admitidos e de agarda.
- **Do 23 ao 31 de maio.** Publicación da listaxe definitiva de admitidos e de agarda.
- **Do 03 ao 18 de xuño.** Formalización das matrículas.

## 4.- DOCUMENTACIÓN

- Formulario de solicitude, cuberta.
- Fotocopia dos DNI do pai, nai ou titor legal.
- Fotocopia do LIBRO DE FAMILIA (tamén o de FAMILIA NUMEROSA, se procede).
- Fotocopia das DÚAS ULTIMAS NÓMINAS DE CADA PROXENITOR (ou da tarxeta de demanda de emprego, ou, no caso dos autónomos, o ultimo recibo do pagamento da cota).
- Fotocopia da RENDA DO 2011 dos dous proxenitores; en caso de non facela, o certificado de Facenda.
- Calquera outra documentación precisa para xustificar as situacións que o solicitante considere pertinentes como:

- FAMILIA MONOPARENTAL. Sentenza de separación/ divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paternofiliais. No caso de non ter ningún dos documentos citados, achegarase copia da denuncia presentada para solicitar a pensión alimenticia.
- MINUSVALÍA. Certificado de discapacidade expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Para outras circunstancias achegarase INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS do Concello de Santiago.

## 5.- ONDE SE PRESENTAN AS SOLICITUDES

**Registro Xeral:** Rúa Presidente Salvador Allende, nº 4, baixo. Tel.: 981 543 122. Horario: De luns a sábados (agás festivos), de 9:00 a 14:00 h.

**Registros auxiliares:** Horario: de luns a venres (agás festivos), de 9:00 a 14:00 h.

- Centro Sociocultural do Ensanche: Frei Rosendo Salvado 14-16, baixo. Tel.: 981 543001
- CERSIA: Avda. do Alcalde Raimundo López Pol, s/n Tel.: 981 542 493

## 7.- BAREMO DAS SOLICITUDES

**ORDE do 14 de febreiro de 2013 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería o curso 2013/14. DOG Nº 36, mércores 20 de febreiro do 2013**

### 1º. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

- 1.1.- Por cada membro da unidade familiar ..... 2 puntos.
- 1.2.- Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo dela ..... 1 punto.
- 1.3.- No caso de que a nena/o para a/o cal se solicita praza naceuse nun parto múltiple ..... 1 punto.
- 1.4.- Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia..... 2 puntos.
- 1.5.- Pola condición de familia monoparental ..... 3 puntos.
- 1.6.- Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais ..... 6 puntos.
- 1.7.- Pola condición de familia numerosa ..... 3 puntos.
- 1.8.- Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas ..... ata 3 puntos.

### 2º. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

2.1.- Situación laboral de ocupación:

- Nai ..... 5 puntos.
- Pai ..... 5 puntos.

2.2.- Situación laboral de desemprego (1):

- Nai ..... 2 puntos.
- Pai ..... 2 puntos.

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes, agás no caso de solicitudes presentadas fóra de prazo en que se valorará con efectos do día anterior ao da presentación.

No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

### 3º. SITUACIÓN ECONÓMICA

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

- Inferior ao 30 % do IPREM..... +4 puntos.
- Entre o 30 % e inferior ao 50 % do IPREM ..... +3 puntos.
- Entre o 50 % e inferior ao 75 % do IPREM ..... +2 puntos.
- Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM .....+1 punto.
- Entre o 100 % e inferior ao 125 % do IPREM ..... -1 punto.
- Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM ..... -2 puntos.
- Entre o 150 % e o 200 % do IPREM ..... -3 puntos.
- Superior ao 200 % do IPREM ..... -4 puntos.

\* No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa e tras a aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda *per cápita* máis baixa.

\* Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

\* No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo

## 8.- TARIFAS

Os prezos e a normativa de aplicación toman como referencia o establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro de 2012 (DOG do 25-1-2012). Estes prezos actualizaranse para o curso 2013-14 na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC), no mes de xuño, mediante resolución que se publicará no DOG.

<b>Xornadas completas:</b>	<b>Medias xornadas:</b>
A xornada completa terá un <u>máximo de 8 horas</u> : agás casos excepcionais debidamente xustificadas, os cales incrementarán mensualmente o importe a pagar de acordo co importe establecido no horario ampliado.	As medias xornadas serán como mínimo de 3 horas e como máximo de 4 horas (podendo ser media xornada, de mañá ou media xornada de tarde).

TRAMOS DE RENDA (IPREM)		ASISTENCIA		SERVIZOS			
		Xornada completa	Media xornada	Comedor	Almorzo	Merenda	Horario ampliado
Inferior o 30%	De 0 a 159.74	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	20 €
Do 30% ao 50%	De 159.75 a 266.24	0 €	0 €	16,50 €	10 €	10 €	20 €
Do 50% ao 75%	De 266.25 a 399.37	33 €	16,50 €	16,50 €	10 €	10 €	20 €
Do 75% ao 100%	De 399.38 a 532.50	66 €	33 €	25 €	10 €	10 €	20 €
Do 100% ao 125%	De 532.51 a 665.62	106 €	53 €	35 €	20 €	20 €	20 €
Do 125% ao 150%	De 665.63 a 798.75	126 €	63 €	50 €	20 €	20 €	20 €
Do 150% ao 200%	De 798.76 a 1065	139 €	69,50 €	60 €	20 €	20 €	20 €
Superior ao 200%	Máis de 1065.01	160 €	80 €	70 €	25 €	25 €	20 €

**DESCONTOS(non acumulables entre si)**

20% por Familia Numerosa

20% por Familia Monoparental

20% por irmán no centro (2 e sucesivos)

Comedor solto: 4 €

Almorzo solto: 2 €

Merenda solta: 2 €

Hora solta: 2 €

## 9.- Calendario

As escolas permanecerán abertas de setembro a xullo, de luns a venres, agás os días considerados como festivos no calendario laboral. O curso dará comezo o luns, 2 de setembro. Durante o mes de agosto abrirá unha soa escola, sempre que exista unha demanda igual ou superior a 10 nenos/as e deberá estar xustificado documentalmente.

En períodos de vacacións como: Nadal, Semana Santa e meses de verán, o horario da escola será de 7.30 a 16.00 horas.

## Máis información:

**Concello de Santiago de Compostela. Departamento de Educación**

Edificio CERSIA. Avda. do Alcalde Raimundo López Pol, s/n Tel.: 981 55 44 00

[dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org) [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)



### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 14 de febreiro de 2013 pola que se regula o procedemento de adjudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería o curso 2013/14.*

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 3.e), como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral e, no artigo 3.i), garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no seu artigo 6.2.c.1º que se atenderán, apoiarán e protexerán as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

Segundo o Decreto 109/2012, do 22 de marzo, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, ten asumidas entre as súas competencias a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia.

Conforme o exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34, da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto regular o procedemento de adjudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2013/14.



## Artigo 2. *Requisitos para ser adxudicatario/a*

1. Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatario de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar:

a) Que a/o nena/o teña a súa residencia en Galicia e xa nacesse no momento de presentación da solicitude.

b) Idade da/o nena/o:

– Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso.

– Non ter cumpridos os 3 anos de idade o 31 de decembro de 2013.

Non obstante, poderán eximirse do límite de idade dos 3 anos as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente, por petición dos pais, ou representantes legais e a través do centro onde soliciten praza.

c) Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

2. No caso de integrarse nenos con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para os efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

## Artigo 3. *Criterios de prioridade para a adxudicación das prazas*

1. Procedemento ordinario.

As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

1.a) Reserva de praza.

As nenas e os nenos escolarizados durante o curso 2012/13 en calquera das escolas infantís obxecto desta orde terán dereito preferente á renovación da súa praza sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2.



Os nenos matriculados en xornada de tarde só poderán reservar praza nese mesmo horario. Non obstante, naqueles centros nos que, por carecer de demanda suficiente, se reduzan os horarios, o alumnado con dereito a reserva de praza en xornada de tarde, poderá reservar praza para o mesmo centro en xornada de mañá.

Poderá reservarse praza noutro centro, xustificando cambio de domicilio e/ou lugar de traballo, cando, logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola, existan prazas suficientes.

#### 1.b) Novo ingreso.

As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

1º Os fillos do persoal que preste servizo nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, cando soliciten a praza para o centro onde prestan servizo a nai, pai, acolledor/a, titora ou titor legal.

2º Os solicitantes con irmán con praza (renovada ou de novo ingreso) no centro para o cal solicitan a praza.

3º Menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.

4º As prazas que queden vacantes adxudicaranse ás persoas solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no anexo II. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas.

#### 2. Procedemento extraordinario.

##### 2.a) Ingresos urxentes.

Para os ingresos de máxima urxencia reservase un 5 % das prazas de cada centro.

Terán a consideración de ingresos urxentes os seguintes casos:

- Os menores tutelados pola Consellería de Traballo e Benestar.
- Os fillos das mulleres que se atopen nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.



– Aqueloutros en que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.

A adxudicación ou denegación de praza nestes supostos será resolta pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, por proposta da/o xefa/e territorial de Traballo e Benestar correspondente, nun prazo de 5 días desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen recaer resolución expresa a solicitude terase por desestimada. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Traballo e Benestar, no prazo dun mes, no caso de resolución expresa, que comezará a contar ao día seguinte ao da notificación da resolución. No caso de desestimación presunta, o prazo para interpoñer o recurso será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

#### 2.b) Solicitudes fóra de prazo.

Con carácter excepcional poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido no punto 2 do artigo 9 nos seguintes casos:

a) Nacemento, acollemento ou adopción da/o nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

b) Cambio de concello de residencia da unidade familiar.

c) Outras circunstancias que motivadamente aprecien as xefaturas territoriais de Traballo e Benestar.

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir acompañadas coa xustificación acreditativa da circunstancia que as motiva. Así mesmo, estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para o grupo de idade da/o nena/o no centro onde se solicita a praza.

#### Artigo 4. *Horario e calendario das escolas*

##### 1. Horario.

A relación de escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, xunto cos seus enderezos e o seu horario de apertura para o curso 2013/14, poderá consultarse nos taboleiros de anuncios dos servizos de Familia e Menores da xefatura Territorial correspondente e nas páxinas web <http://benestar.xunta.es> e <http://escolasinfantis.net>



Os usuarios dentro do horario de apertura do centro poderán optar por xornada completa continuada ou por media xornada:

– Enténdese por xornada continuada aquela que se desenvolve desde primeiras horas da mañá, abrangue as horas centrais da actividade escolar e inclúe o servizo de comedor, con independencia da potestade organizativa dos centros.

– Enténdese por media xornada aquela que, cun horario máximo diario de catro (4) horas, se desenvolve en xornada de mañá, con ou sen servizo de comedor, ou en xornada de tarde, con independencia da potestade organizativa dos centros. A media xornada de tarde, sen servizo de comedor, só se ofertará nos centros con horario ampliado ata as 20.00 horas.

Con carácter excepcional poderán admitirse solicitudes de xornada partida cando, por circunstancias familiares debidamente acreditadas documentalmente, se xustifique esta necesidade.

A permanencia dos nenos no centro non poderá superar as 8 horas diarias dentro da xornada pola que opte, agás cando por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas e acreditadas, o menor teña que permanecer un tempo superior ao máximo establecido. Neste suposto, o caso será estudado e, de ser o caso, autorizado pola xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente.

## 2. Calendario.

Nas escolas infantís 0-3 reguladas pola presente orde, o curso escolar dará comezo o día 5 de setembro.

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e os días 24 e 31 de decembro.

Durante o mes de agosto, así como os días 23, 26 e 27 de decembro e os días 14, 15 e 16 de abril, abrirá un só centro por localidade, sempre que exista unha demanda igual ou superior a 15 nenas/os e, de ser o caso, o seu peche diario efectuarase ás 17.00 horas.

Así mesmo, durante o curso 2013/14, a escola que permaneza aberta durante os períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa será a que abra no mes de agosto, agás nos casos en que esta sexa obxecto dun peche temporal por obras ou calquera outra continxencia. O alumnado doutras escolas da mesma localidade poderá ser atendido na



que permaneza aberta. Nestes supostos a familia deberá xustificar con base en motivos laborais a necesidade de levalo ao centro durante os citados períodos.

O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de once (11) meses dentro do período de setembro a agosto do curso 2013/14.

En casos excepcionais e debidamente xustificados poderase admitir a asistencia da/ona durante os 12 meses do ano. En tales circunstancias deberase formular unha solicitude cunha antelación mínima dun mes que será estudada e, se procede, autorizada pola xefatura territorial correspondente.

#### Artigo 5. *Prestacións*

Os usuarios poden optar por unha das seguintes modalidades de servizo:

a) Atención educativa con comedor.

b) Atención educativa sen comedor. O horario para os usuarios que opten por esta modalidade de servizo, será o establecido polo centro con base nos seus criterios organizativos de funcionamento.

c) Aqueles solicitantes que teñan concedida praza sen servizo de comedor poderán facer uso deste servizo en días soltos solicitándoo con antelación suficiente sempre que xustifiquen a súa necesidade e aboem o prezo estipulado.

A opción dos servizos elixidos farase constar na solicitude e manterase durante todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas debidamente acreditadas, que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente.

#### Artigo 6. *Prezos*

1. Os prezos que deberán pagar os usuarios serán os establecidos no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Todos os usuarios aboarán a contía de once mensualidades por curso, agás nos casos establecidos no artigo 5 do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.



3. A inasistencia do usuario durante un período determinado non supón ningunha redución nin exención do pagamento da cota, agás nos casos establecidos no artigo 5 do citado decreto.

*Artigo 7. Regras e definicións para a determinación do importe que se pagará*

Para a determinación do importe mensual que deberán pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos para as escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar teranse en conta as especificacións recollidas no anexo do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro. Para estes efectos, a renda per cápita mensual da unidade familiar, computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento das/os nais/pais, vivan independentes destes.

ii. Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente en 31 de decembro do ano 2011.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) O importe anterior dividírase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando forme parte dela unha única persoa proxenitora que



non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda *per cápita* mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Non obstante, cando as circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF non coincidan coas circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, teranse en conta estas últimas, previamente xustificadas documentalmente, tanto para o cálculo da renda *per cápita* como para a aplicación do baremo e dos distintos descontos.

#### Artigo 8. *Solicitudes e documentación*

1. As persoas interesadas poderán solicitar praza a través dos modelos normalizados recollidos nesta orde:

a) Reserva de praza.

Para a reserva de praza as persoas interesadas presentarán a solicitude segundo o modelo oficial anexo I desta orde.

b) Novo ingreso.

Para as solicitudes de novo ingreso presentarse o modelo oficial segundo o anexo I desta orde. Neste impreso pódese solicitar praza para dous centros indicando a orde de preferencia.

2. Todas as persoas solicitantes achegarán xunto coa solicitude a xustificación dos seus ingresos da seguinte maneira:

a) A presentación da solicitude comportará a autorización á Consellería de Traballo e Benestar para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e da Consellería de Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. Para estes efectos todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar a epígrafe correspondente da solicitude. No caso de non prestar autorización, a persoa interesada achegará, xunto coa solicitude, copia compulsada da declaración do IRPF ou, se é o caso, certificado emitido pola AEAT relativos ao ano 2011.





b) Cando se produzan causas sobrevidas que afecten os recursos da unidade familiar, poderán presentarse outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica, sempre e cando as variacións de ingresos supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20 % no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude de praza, variacións que deberán ter unha duración mínima de 4 meses para ser tomadas en consideración.

3. No caso das solicitudes de novo ingreso, presentarán ademais, a seguinte documentación:

a) Autorización á Consellería de Traballo e Benestar para solicitar do Ministerio de Fenda e Administracións Públicas os seus datos, ou fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.

b) Unha fotocopia compulsada ou dixitalizada do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

c) No caso de nenos con necesidades específicas de apoio educativo, declaración responsable da persoa solicitante ou no caso de dispor del, informe do Equipo de Valoración e Orientación das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, servizos especializados de atención temperá da Administración local ou autonómica ou órganos competentes na materia da Administración do estado ou nas correspondentes comunidades autónomas, sobre a súa necesidade de integración.

d) Certificado de discapacidade ou do grao e nivel de dependencia, se é o caso, só cando non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

e) No caso de familias acolledoras, estas deberán presentar aquela documentación que non conste en poder da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Outros documentos, se procede, en que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

– As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela, acreditaranse mediante informe dos servizos sociais do concello correspondente.

– Certificado de discapacidade ou do grao e nivel de dependencia da nai ou do pai, persoa acollidora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar, só no caso de certificados que non sexan expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.



– As enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos/as membros da unidade familiar, acreditaranse mediante informe médico expedido polos servizos públicos de saúde.

– Xustificación de ocupación actualizada (fotocopia das últimas nóminas, certificación de empresa ou vida laboral, no caso de traballadoras/es por conta allea, ou do último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia, no caso de traballadoras/es autónomas/os).

– Certificación de ser demandante de emprego (con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes) da nai, pai, titora ou tutor legal, ou acolledor/a.

– A condición de familia monoparental, entendida como unidade familiar formada por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa cal manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento, acreditarase mediante fotocopia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia e sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais.

– A ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais, acreditarase mediante informe dos servizos sociais do concello correspondente.

– O título de familia numerosa, só no caso de que non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

g) No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

– Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

– Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG núm. 152, do 7 de agosto).

– Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.



- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

h) No caso de escolas infantís situadas en concellos limítrofes con outras comunidades autónomas, certificado de empadramento expedido polo concello correspondente, no cal se fará constar a data de alta no padrón municipal de habitantes que, en todo caso, deberá ser anterior ao 1 de xaneiro do ano en que se solicite a praza.

De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas nesta epígrafe, poderase presentar informe dos servizos sociais do concello correspondente. A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita a ser valorado na epígrafe correspondente do baremo que se recolle no anexo II.

4. Os impresos de solicitude facilitaranse nos propios centros en que se solicite praza, nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e nos enderezos electrónicos <http://benestar.xunta.es> e <http://www.escolasinfantis.net>

5. A información relativa ao procedemento poderase consultar na páxina web:

<http://www.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos> así como nos teléfonos 012, 981 18 57 55, 982 29 43 54, 988 38 65 95, 986 81 77 04 e 981 54 56 66.

6. As/os interesadas/os en participar no programa cheque infantil, dirixido a aquelas/es solicitantes que non obteñan praza en ningunha das dúas opcións solicitadas, deberán cubrir a epígrafe correspondente no anexo I desta orde e ademais presentar:

– Declaración de non percibir outras axudas para o mesmo concepto, ou de percibilas coa indicación da súa contía (anexo IV).

– Declaración responsable de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Comunidade Autónoma, non ter débedas por resolución de procedencia de reintegro e de estar ao día coa Seguridade Social (anexo V).



### Artigo 9. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes coa documentación requirida presentaranse nos rexistros únicos das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde teña o seu domicilio a persoa solicitante, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro) modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 16, do 19 de xaneiro e BOE núm. 30, do 4 de febreiro), en diante LRX-PAC. Así mesmo, tamén poderán presentala en formato electrónico a través da sede da Xunta de Galicia no enderezo: <https://sede.xunta.es>

2. O prazo para a presentación das solicitudes tanto de reserva de praza como de novo ingreso será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao seguinte día hábil, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

### Artigo 10. *Tramitación dos expedientes*

As xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, como órganos responsables da tramitación dos expedientes, comprobarán que estes reúnen os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixer así, de acordo co artigo 71.1º da LRX-PAC, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

As xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e a persoa titular da Dirección Xeral de Familia e Inclusión poderán reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que coiden precisos para a máis eficaz realización do seu cometido.

### Artigo 11. *Avaliación das solicitudes*

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no anexo II. No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en



primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor e despois da aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda *per cápita* máis baixa.

2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase, en cada unha das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, unha comisión provincial de baremación e selección coa seguinte composición:

– Presidencia: a xefa do Servizo de Familia e Menores.

– Vogais: o director do centro, un representante dos pais, titores, acolledores dos nenos do centro do que se estean a baremar as solicitudes e un funcionario da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar designado ou polo xefe territorial que actuará como secretario.

No caso de escolas de xestión indirecta:

– Presidencia: o xefe do Servizo de Familia e Menores.

– Vogais: un representante dos pais dos nenos do centro do que se estean a baremar as solicitudes e dous funcionarios da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar designados pola persoa titular da xefatura territorial, un dos cales actuará como secretario.

Os acordos tomaranse por maioría simple e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. A dirección de cada centro convocará os pais, titores, acolledores a unha reunión que se celebrará anualmente antes de rematar o prazo de solicitudes, a fin de proceder á elección, mediante votación, e por maioría simple, da súa representación na comisión de baremación e selección.

4. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección ao xefe territorial.

A relación provisional de admitidos e lista de espera, coa puntuación obtida, farase pública o día 2 de maio e poderase consultar nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, así como nas páxinas web: <http://benestar.xunta.es> ou <http://www.escolasinfantis.net> e nos respectivos centros.



### Artigo 12. *Reclamacións*

Os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

### Artigo 13. *Relación definitiva de adxudicatarios de praza*

1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisional, o xefe territorial aprobará a relación definitiva de admitidos e a lista de espera coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso.

A relación coa puntuación poderase consultar desde o día 27 de maio nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, así como nas páxinas web <http://benestar.xunta.es> ou <http://www.escolasinfantis.net> e nos respectivos centros.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada, perante a conselleira de Traballo e Benestar, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os solicitantes admitidos disporán desde o día 28 de maio ata o día 12 de xuño, ambos os dous incluídos, para matricularse, presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico do neno. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web <http://benestar.xunta.es> e <http://www.escolasinfantis.net>. Para os ingresos fóra de prazo disporase de dez (10) días naturais contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución da concesión da praza.

3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula no prazo sinalado, considérase decaído na súa solicitude.

4. Os solicitantes con praza concedida que renuncien á mesma quedarán excluídos de calquera outra praza pública de escola infantil da Xunta de Galicia.

Un neno só poderá ser adxudicatario dunha praza pública de escola infantil da Xunta de Galicia.



5. Con carácter xeral o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de seis (6) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

6. Na relación definitiva de admitidos estarán incluídas as solicitudes presentadas fóra de prazo con xustificación que teñan entrada con anterioridade a data de publicación da relación provisional de admitidos.

#### Artigo 14. *Lista de espera*

1. A lista de espera estará constituída polos solicitantes que non obteñen praza na 1ª e 2ª opción, ordenados segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.

2. As prazas vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os solicitantes en lista de espera.

3. Os integrantes da lista de espera que se inscriban como candidatos ao programa de cheque infantil, serán excluídos dela ao concedérselle a axuda para a praza participada por este programa, aínda no caso de que renuncien a ela.

4. As solicitudes que, por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, referidas no punto 2.b do artigo 3, non se presentasen nos prazos fixados nesta convocatoria, serán tramitadas e baremadas polas comisións provinciais de selección e baremación, as cales no caso de non adxudicarlles unha praza as incluírán na lista de espera, segundo a puntuación obtida.

5. Na relación definitiva da lista de espera estarán incluídas as solicitudes presentadas fóra de prazo con xustificación que teñan entrada con anterioridade á data de aprobación da citada relación polo xefe territorial.

#### Artigo 15. *Revisión do prezo*

Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas aos seguintes casos:

a) A modificación das circunstancias que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.



b) As variacións nos seus ingresos, que impliquen unha modificación substancial na súa capacidade económica actual. Soamente se terán en conta as variacións que supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20 % no cómputo anual fronte aos ingresos declarados na solicitude de praza ou, de ser o caso, nunha variación posterior. Estas variacións deberán ter unha duración dun mínimo de catro (4) meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou por calquera outra documentación que, a xuízo da xefatura territorial da Consellería de Trballo e Benestar, xustifique e permita un novo cálculo da renda *per cápita* da unidade familiar.

c) A variación no número de membros da unidade familiar, se for o caso.

Neste sentido a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

A modificación do prezo, de ser o caso, será resolta polo xefe territorial, e aplicarase a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

#### Artigo 16. *Baixas*

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:

a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

b) Pola solicitude dos pais ou representantes legais.

c) Pola falta de pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento administrativo de constrinximento.

d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.

e) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.

f) Pola falta de asistencia continuada durante quince días sen causa xustificada.

2. Naqueles casos en que a baixa sexa xustificada e se prolongue máis dun mes, haberá que presentar xustificación con carácter mensual. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.





3. As baixas motivadas polo establecido na alínea e) serán resoltas pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, por proposta do xefe territorial, unha vez oída a dirección do centro en que estea o neno matriculado. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución do xefe territorial de Traballo e Benestar.

4. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, serán cubertas polos solicitantes que figuren nese momento en lista de espera en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

#### Disposición adicional primeira

Os solicitantes de praza nas escolas infantís da Casa do Mar de Celeiro e Marín dependentes da Consellería de Traballo e Benestar que pertencen ao réxime especial do mar, tanto de reserva de praza como de novo ingreso, aboarán os prezos públicos regulados polo ISM (Instituto Social da Mariña) para este tipo de servizos.

#### Disposición adicional segunda

No curso regulado pola presente orde, as escolas infantís con horario ampliado ata as 20.00 horas, que no prazo de presentación de solicitudes non contan con demanda suficiente para formar unha unidade internivelar de 15 alumnos, reducirán o seu horario e pecharán como máximo ás 18.00 horas.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Familia e Inclusión para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

#### Disposición derradeira segunda

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>NOVO INGRESO/RESERVA DE PRAZA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 CURSO 2013/14</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS402A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA/DO NENA/O</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
GRUPO DE IDADE A QUE PERTENCE	GRUPO DE IDADE A QUE ACCEDE	DISCAPACIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

<b>DATOS DA NAI, PAI, ACOLLEDOR/A OU TITOR/A LEGAL</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATA DO ACOLLEMENTO (no caso de menores acollidas/os) INDIQUE O MEDIO DE COMUNICACIÓN PREFERENTE:			
<input type="text"/>		<input type="radio"/> TELÉFONO	<input type="radio"/> ENDEREZO ELECTRÓNICO


<b>TIPO DE SOLICITUDE</b>	<input type="radio"/> NOVO INGRESO	<input type="radio"/> RESERVA DE PRAZA
---------------------------	------------------------------------	--

<b>DATOS DA UNIDADE FAMILIAR</b>			
APELIDOS E NOME (Incluída/o a/o solicitante)	NIF/NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO
Nº MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR			

<b>CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES</b>		
<input type="checkbox"/> Fillo/a de persoal do centro	<input type="checkbox"/> Irmá/n con praza renovada ou de novo ingreso no centro	
<input type="checkbox"/> Familia acollidora	<input type="checkbox"/> Familia numerosa	<input type="checkbox"/> Familia monoparental

<b>CENTROS SOLICITADOS POR ORDE DE PREFERENCIA</b>		
NOME DO CENTRO	HORARIO QUE SOLICITA	COMEDOR
1ª opción <input type="text"/>	<input type="radio"/> Xornada continuada: de <input type="text"/> h., a <input type="text"/> horas	<input type="radio"/> Atención con comedor
2ª opción <input type="text"/>	<input type="radio"/> Xornada partida: de <input type="text"/> h., a <input type="text"/> horas e de <input type="text"/> h., a <input type="text"/> horas	<input type="radio"/> Atención sen comedor
<small>(só no caso de novo ingreso)</small>	<input type="radio"/> Xornada de tarde: de <input type="text"/> h., a <input type="text"/> horas	
<small>(Limite 8 horas de asistencia dentro da xornada solicitada, agás causas referidas no artigo 4 desta orde. A xornada de tarde só se pode solicitar en centros con horario ampliado)</small>		

<b>CANDIDATA/O A CHEQUE INFANTIL (só no caso de novo ingreso)</b>	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON
---	--------------------------	---------------------------





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**ANEXO I**  
continuación

Autorizo a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (neste caso xuntarase copia compulsada)

Autorizo a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias.

SI  NON (neste caso xuntarase copia compulsada)

Autorizo a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día das obrigas tributarias.

SI  NON (neste caso xuntarase copia compulsada)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 14 de febreiro de 2013 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería o curso 2013/14.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL**

Lugar e data

,  de  de

galicia



Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**ANEXO II**

(A cubrir só no caso de novo ingreso)

**I. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR**

- Número de membros que compoñen a unidade familiar.
- Número de membros que non formando parte da unidade familiar estean a cargo dela.
- Número de membros, incluída/o a/o solicitante, con enfermidade ou discapacidade.

Tipo de enfermidade ou discapacidade:

- |  | Nai                      | Paí                      | Outros membros           |
|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| - Discapacidade  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| - Enfermidade crónica que requira internamento periódico | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| - Alcoholismo ou drogodependencias                       | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

- Condición de familia monoparental  SI  NON
- Ausencia do fogar familiar de ámbolos dous membros parentais  SI  NON
- Condición de familia numerosa  SI  NON
- Condición de fillo/a de persoal do centro  SI  NON
- Condición de familia acollidora  SI  NON

- Irmá/n con praza renovada ou de novo ingreso no centro para o vindeiro curso

Nome do/a neno/a	Centro ao cal asiste
<input style="width: 300px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 200px; height: 20px;" type="text"/>
<input style="width: 300px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 200px; height: 20px;" type="text"/>

- Calquera outra circunstancia familiar grave

**II. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR (Márquese cun X o que proceda)**

- |                   | PAI  | NAI  |
|-------------------|--|--|
| OCUPACIÓN LABORAL | <input type="checkbox"/>                   | <input type="checkbox"/>                   |
| DESEMPREGO        | <input type="checkbox"/>                   | <input type="checkbox"/>                   |
| OUTRAS SITUACIÓNS | <input style="width: 150px;" type="text"/> | <input style="width: 150px;" type="text"/> |

galicia



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE TRABALLO**  
**E BENESTAR**

**ANEXO II**  
**continuación**  
 (A cubrir só no caso de novo ingreso)

**III. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- Fotocopia do documento nacional de identidade da nai, do pai, acolledor/a ou titor/a legais (só no caso de non autorizar a súa consulta directamente pola consellería).
- Fotocopia compulsada do libro de familia, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa, só no caso en que non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Xustificante de ocupación ou de desemprego (fotocopia das últimas nóminas, certificado de vida laboral, certificación de empresa, último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou certificación de ser demandante de emprego).
- Certificado de discapacidade do grao e nivel de dependencia alegada polas/os membros da unidade familiar, só no caso de que non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polas/os membros da unidade familiar.
- Documentación acreditativa do acollementos non constituído na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Declaración responsable da/do solicitante sobre as necesidades específicas de apoio educativo do/a neno/a ou, no caso de dispor del, informe do Equipo de Valoración e Orientación das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, servizos especializados de atención temperá da Administración local ou autonómica, ou órganos competentes na materia na Administración do Estado ou nas correspondentes comunidades autónomas sobre a súa necesidade de integración.
- Documentación acreditativa de incidencias tales como: abandono do fogar do cónxuxe, maltrato etc.
- Informe dos servizos sociais do concello correspondente, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais nas que viva a unidade familiar.
- Copia compulsada da declaración do IRPF ou, se é o caso, certificado emitido pola Axencia Tributaria relativos ao ano 2010 (só no caso de non autorizar a súa consulta directamente pola consellería).
- Certificado de convivencia e libro de familia e, se é o caso, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou medidas paterno-filiais.

**BAREMO**

**1º. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR**

- 1.1.- Por cada membro da unidade familiar ..... 2 puntos.
- 1.2.- Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo dela ..... 1 punto.
- 1.3.- No caso de que a nena/o para a/o cal se solicita praza naceuse nun parto múltiple ..... 1 punto.
- 1.4.- Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia..... 2 puntos.
- 1.5.- Pola condición de familia monoparental ..... 3 puntos.
- 1.6.- Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais ..... 6 puntos.
- 1.7.- Pola condición de familia numerosa ..... 3 puntos.
- 1.8.- Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas ..... ata 3 puntos.

**2º. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR**

- 2.1.- Situación laboral de ocupación:
  - Nai ..... 5 puntos.
  - Pai ..... 5 puntos.
- 2.2.- Situación laboral de desemprego (1):
  - Nai ..... 2 puntos.
  - Pai ..... 2 puntos.

(1) Valorárase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes, agás no caso de solicitudes presentadas fóra de prazo en que se valorará con efectos do día anterior ao da presentación.

No caso de familias monoparentais adxudicáraselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

**3º. SITUACIÓN ECONÓMICA**


R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30 % do IPREM ..... +4 puntos.
- Entre o 30 % e inferior ao 50 % do IPREM ..... +3 puntos.
- Entre o 50 % e inferior ao 75 % do IPREM ..... +2 puntos.
- Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM ..... +1 punto.
- Entre o 100 % e inferior ao 125 % do IPREM ..... -1 punto.
- Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM ..... -2 puntos.
- Entre o 150 % e o 200 % do IPREM ..... -3 puntos.
- Superior ao 200 % do IPREM ..... -4 puntos.

\* No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa e tras a aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda *per cápita* máis baixa.

\* Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

\* No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicárase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo.



CVE-DOG: qw0w5ay0-b079-w4w9-4fa1-m5znmhievdk5



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

## ANEXO III

Don/Dona , con NIF/NIE nº   
cónxuxe/parella do/a solicitante


**AUTORIZA:**

A Dirección Xeral de Familia e Inclusión para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia e dou o meu consentimento para a comprobación telemática do DNI, segundo o disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

**SINATURA DO CÓNXUXE/PARELLA**

Lugar e data

,  de  de



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**ANEXO IV**

(Cubrirase só no caso de optar á axuda de cheque infantil)

Don/Dona , con NIF/NIE nº   
como solicitante da axuda do programa cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**


- Que non ten solicitada nin recibiu outro tipo de axuda para este mesmo fin das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.
- Que ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas de calquera administración ou doutros entes públicos ou privados para este mesmo fin:

Estado solicitada/concedida)	Organismo	Data solicitude	Data resolución	Disposición

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Lugar e data ,  de  de



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**ANEXO V**

(Cubrirase só no caso de optar á axuda de cheque infantil)

Don/Dona , con NIF/NIE nº

como solicitante da axuda do programa cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**


- Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Comunidade Autónoma e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Lugar e data

,  de  de



Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

